A precariedade laboral da xuventude en Galicia

UGT Galicia
Secretaria de Igualdade, Xuventude
e Movementos Sociais

INDICE

I MERCADO LABORAL 2

1. EPA 2

a) DESEMPREGO 2

b) DESEMPREGO DE LONGA DURACIÓN 3

c) ACTIVIDADE E INACTIVIDADE 3

d) POBOACIÓN OCUPADA 4

e) OCUPACIÓN POR SECTORES 4

f) TAXAS DE TEMPORALIDADE 4

g) PARCIALIDADE 5

h) SUBEMPREGO 6

i) SALARIOS 6

2. COBERTURA POR DESEMPREGO E CONTRATACIÓN 7

II FORMACIÓN E DESEMPREGO 8

III EMANCIPACIÓN 11

IV MIGRACIÓNS 13

V CONCLUSIÓNS 13

Ante a grave situación económica que estamos a vivir, e as especiais dificultades ás que nos enfrontamos a xuventude galega como consecuencia das regresivas políticas que o goberno nos está a impoñer, dende a Sª de Xuventude de UGT-Galicia, consideramos fundamental levar a cabo un estudo sobre a situación das mozas e mozos na actualidade, e a súa comparación cos datos existentes antes da aplicación da Reforma Laboral no ano 2012, co fin de poder determinar se en contra das afirmacións do goberno, a súa aplicación supuxo un empeoramento das diferentes variables que imos a analizar. É por isto, que a maioría dos datos de referencia son os do segundo semestre do 2011, e os máis actuais dispoñibles, dependendo do ámbito que esteamos a analizar.

I. MERCADO LABORAL

1. EPA

A situación laboral da mocidade en Galicia caracterízase por unha gran desigualdade con respecto á media do conxunto das persoas traballadoras da nosa comunidade autónoma, situación que cos datos dispoñibles, podemos afirmar que se acrecenta dende a entrada en vigor da Reforma Laboral. Así mesmo, as nosas mozas e mozos, tampouco presentan unha situación vantaxosa con respecto á mocidade do conxunto do Estado.

a) DESEMPREGO: Desde a aplicación da reforma laboral a taxa de paro na mocidade galega medra en 4 puntos.

Actualmente a taxa de paro elévase ate 28,6%, fronte ao 24,6% do TII do 2011, e que é 8.6 puntos máis que a taxa media galega do conxunto de idades (que é do 20%). Hai 96.700 persoas desempregadas menores de 35 anos en Galicia (o 38.3% do total de idades).

Poboación de 16 e máis anos por relación coa actividade económica e grupos de idade.

	2011/II		2015/II	
GALICIA	**Total**	**de 16 a 34 anos**	**Total**	**de 16 a 34 anos**
Taxa de actividade	54,8	69,7	53,5	65,6
Taxa de ocupación	45,7	52,5	42,8	46,9
Taxa de paro	16,6	24,6	20,0	28,6

I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

b) DESEMPREGO DE LONGA DURACIÓN: A mocidade desempregada de longa duración aumentou nun 38,2% (12.400 persoas).

Parados e paradas de longa duración por grupos de idade. Galicia

	de 16 a 34 anos
2011/II	32.500
2015/II	44.900
VAr. % 2015/2011	38,2

IGE-INE . Enquisa de poboación activa I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

Do total de persoas menores de 35 anos, unha porcentaxe do 46,4% levan máis dun ano en situación de desemprego (cando a porcentaxe no segundo trimestre do ano 2011 era do 30,8%), e o 62% non perciben ningunha prestación por desemprego.

c) ACTIVIDADE E INACTIVIDADE: o número de persoas activas menores de 35 anos cae nun 21,1% dende a aplicación da Reforma Laboral.

Un dos principais problemas do mercado laboral é a perda de poboación activa. UGT Galicia considera que as causas son o efecto da caída demográfica, a emigración laboral e o abandono da busca activa de emprego ante o desánimo pola falta de oportunidades.

Da poboación de 16 a 35 anos en Galicia, 515.700 segundo os datos máis recentes da EPA, 338.500 son persoas en situación activa, é dicir, forman parte do mercado laboral (ben como ocupados ou ocupadas, ou ben como parados ou paradas), un 21,1% menos que no ano anterior á aplicación da reforma laboral.

Os datos reflicten que hai un 5% menos de persoas inactivas: Hai en Galicia nestes momentos 177.300 mozos e mozas que se definen como inactivas (nin están traballando nin están na procura de traballo). No segundo trimestre do ano 2011 eran 186.700.

Hai unha contracción da poboación xuvenil inactiva pero en menor medida que a diminución da poboación activa, no que pode influír que cada vez máis son as persoas que din que non se rexistran nos servizos públicos de emprego porque consideran que non lles vai a reportar ningún tipo de beneficio. Segundo datos estatais, un 6,2% da poboación inactiva de entre 16 e 34 anos considéranse potencialmente activos e desanimados.

d) POBOACIÓN OCUPADA: A poboación ocupada nestas idades na nosa comunidade autónoma redúcese nun 25.2% dende a entrada en vigor da reforma laboral.

En canto á mocidade ocupada no segundo trimestre do ano 2015 sitúase en 241.800 persoas, retrocedendo con respecto ao ano anterior á reforma laboral en 81.300 (↓25,2%). En tan só catro anos pérdese máis da cuarta parte de ocupación na mocidade (4 puntos máis que no conxunto do Estado e mentres que no total de idades a caída da ocupación é do 8%).

GALICIA	Poboación ocupada de 16 a 34 anos
2011TII	323.100
2012TII	286.000
2013TI	261.700
2014TII	252.200
2015/II	241.800

Fonte: I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

e) OCUPACIÓN POR SECTORES: O 72.2% da mocidade galega está ocupada no sector servizos

A maior parte da mocidade galega (72.2% do total), está ocupada no sector Servizos. No total de idades o peso deste sector sobre o total é inferior, sendo do 70.4%.

Non podemos esquecer a importancia que na nosa comunidade ten o emprego no sector primario tanto na agricultura, gandaría, caza e silvicultura como na pesca e acuicultura.

Persoas ocupadas por grupo de idade e sector económico 2015/ iit

GALICIA	Total idades	% s/ total de total idades	de 16 a 34 anos	% s/ total de 16 a 34 anos	% 16 a 34 s/ total idades
Total	1.009.900	**100,0**	241.800	**100,0**	**23,9**
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	44.900	**4,4**	7.000	**2,9**	**15,6**
Pesca e acuicultura	16.300	**1,6**	2.500	**1,0**	**15,3**
Industria	161.900	**16,0**	40.500	**16,7**	**25,0**
Construción	75.600	**7,5**	17.100	**7,1**	**22,6**
Servizos	711.200	**70,4**	174.700	**72,2**	**24,6**

I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

f) TAXA DE TEMPORALIDADE: A taxa de temporalidade da xuventude galega sitúase no 47% fronte ao 25% do conxunto de idades

Preto do 86% (85,7%) dos mozos e mozas ocupadas traballan por conta allea, son persoas asalariadas, e destas, tan só o 53,1% teñen contrato indefinido, causa de que a taxa de temporalidade da mocidade sexa moito máis alta que para o resto de persoas asalariadas.

Persoas asalariadas por grupos de idade e tipo de contrato 2015TII

	Total	de 16 a 34 anos	% poboación 16-34 anos
Total	793.200	207.400	26,14
Contrato indefinido	594.700	110.100	18,51
Contrato temporal	198.500	97.300	49
Taxa de temporalidade	25,0	46,9	

I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

CONTRATACIÓN INDEFINIDA: **Da contratación rexistrada en Galicia no primeiro semestre deste ano 2015 no SEPE realizada a menores de 30 anos, tan só nun 6,6% é de carácter indefinido, sendo no conxunto de idades dun 8,22%**

A xuño de 2011 a porcentaxe de menores de 30 anos con contrato indefinido era do 8,5%, polo que cada vez realízanse menos contratos nesta modalidade sobre o total de contratación rexistrada. A menor idade maior porcentaxe de contratación rexistrada de modalidade temporal sobre o total.

g) PARCIALIDADE: O 68% da xuventude afirma que ten un contrato a tempo parcial por "non poder atopar un traballo a xornada completa". A parcialidade da xuventude sitúase en 6,1 puntos por riba do conxunto da poboación.

Se no segundo trimestre do ano 2011 a porcentaxe de poboación menor de 35 anos ocupada a tempo parcial situábase no 17,6%, no segundo trimestre do 2015 aumentou ata o 20,8%, incrementándose a diferenza respecto do total do poboación, cuxas porcentaxes son 12,7% no 2011 e 14,7% no 2015.

Por si mesma a ocupación a tempo parcial non tería que ser negativa se isto fose consecuencia dunha opción voluntaria, pero o 68% (63.3% no conxunto de idades) dos mozos e mozas indican que o motivo de ter traballo a tempo parcial é "non poder atopar traballo a xornada completa" (dato estatal, non dispoñible o dato para Galicia por idades na páxina web do IGE).

	Total		Parcial		% Parcial	
	Total	de 16 a 34 anos	Total	de 16 a 34 anos	Total	de 16 a 34 anos
2011/II	1.097.500	323.100	139.100	57.000	12,7	17,6
2012/II	1.042.000	286.000	135.800	51.300	13,0	17,9
2013/II	1.005.400	262.100	141.500	49.000	14,1	18,7
2014/II	991.500	252.200	138.700	50.100	14,0	19,9
2015/II	1009.900	241.800	148.000	50,300	14.7	20,8

I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

Distribución % da Mocidade (de entre 16 e 34 anos) por motivo da xornada parcial (DATO Estatal, non hai este desagregación a nivel de Galicia) 2ºT2015

	%
Total	100,0
Seguir cursos de ensinanza ou formación	13,1
Enfermidade ou incapacidade propia	0,1
Coidado de nenos/as ou de adultos/as enfermos/as, incapacitados/as ou maiores	6,4
Outras obrigas familiares ou persoais	1,8
Non ter podido atopar traballo a xornada completa	68,0
Non querer traballo a xornada completa	3,3
Outros motivos de ter xornada parcial	7,1
Non sabe o motivo	0,2

Fonte: INE. Instituto Nacional de Estadística

h) SUBEMPREGO: O 17% da xuventude galega está en situación de subemprego por insuficiencia de horas de traballo.

Unha importante categoría dentro da ocupación é a de **subemprego por insuficiencia de horas de traballo**, definida na XVIª Conferencia Internacional de Estatísticos do Traballo (Xenebra, 1998). Considérase subemprego cando a persoa traballadora non atopa unha colocación que lle permita incrementar o seu tempo de ocupación.

En Galicia hai 40.700 mozos e mozas subempregadas, o 16,8% do total da ocupación do seu tramo de idade, de 16 a 34 anos. No conxunto de idades o subemprego acada unha porcentaxe inferior, o 11,4% do total da ocupación.

i) SALARIOS: A mocidade galega de entre 25 e 34 anos percibe un 9,4% menos de salario ao ano que un mozo ou moza no conxunto do Estado.

No último ano dispoñible da Enquisa anual de estrutura salarial, que é a correspondente ao ano 2013, os salarios da mocidade (de entre 25 e 34 anos, xa que o dato de menores de 25 anos ten grandes posibilidade de erro) é de 16.277 euros anuais, sendo no Estado neste tramo de idade o salario moi superior, de 17.913 euros, un 9,4% menos de salario que un mozo ou moza dese tramo de idade no resto do Estado.

	Estado	Galicia	Diferenza
De 25 a 34 anos	17.973,39€	16.277,41€	9,4%

Fonte: Enquisa anual de estrutura salarial. INE 2013

As diferenzas salariais neste tramo de idade en comparación co conxunto do total das idades na nosa Comunidade Autónoma, duplícase, ata o 18%

	Galicia	Diferenza
De 25 a 34 anos	16.277,41€	17,89%
Total de idades	19,824,66€	

Fonte: Enquisa anual de estrutura salarial. INE 2013

Non podemos perder de vista tampouco que o SMI que existe no noso país é dos máis baixos da UE, e ao que se acollen moitas empresas cando contratan a un mozo ou moza, o que fai que a diferenza salarial que existe entre unha persoa traballadora nova e unha adulta siga medrando.

2. COBERTURA POR DESEMPREGO E CONTRATACIÓN REXISTRADA

O 62,13% das mozas e mozos galegos en situación de desemprego non teñen ningún tipo de cobertura por desemprego, sendo moi superior ao resto das idades (48,8%)

En termos de protección por desemprego segundo datos do SEPE de decembro de 2014 (último dato do que dispoñemos con esta desagregación por tramos de idade) tendo en conta os datos en relación ao total de persoas paradas do seu respectivo tramo de idade, compróbase a baixa porcentaxe de persoas beneficiarias de prestacións no caso da mocidade. En ningún tramo de idade dos menores de 35 anos acádase a cobertura da media de idades.

Segundo o SEPE hai, a decembro de 2014, 65.487 persoas desempregadas menores de 35 anos (diferindo con respecto aos datos do cadro 1 por ser estes procedentes doutra fonte, a EPA). Destas tan só son beneficiarias de prestacións 24.800, o 37,87%, habendo polo tanto un 62,13% de persoas paradas menores de 35 anos sen cobertura. No total de idades a porcentaxe de persoas sen cobertura é do 48,80% do total.

	Parados/as (inclúe sen emprego anterior)	Beneficiarias prestacións	% Parados/as con cobertura
Total	251.918	128.998	51,2
16 a 19 anos	2.223	170	7,6
20 a 24 anos	10.899	2.886	26,5
25 a 29 anos	23.165	8.360	36,1
30 a 34 anos	29.200	13.384	45,8
De 16 a 34 anos	65.487	24.800	37,9

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de decembro de 2014 do MEYSS SEPE

II. FORMACIÓN E DESEMPREGO

Na nosa Comunidade Autónoma, o desemprego entre as persoas menores de 35 anos con estudos superiores é superior que no resto do Estado.

A medida que aumenta o nivel formativo da mocidade diminúe o desemprego. Ate os estudios secundarios postobrigatorios, tanto no tramo de 16 a 29 anos como de 30-34 anos, Galicia ten unha taxa de paro inferior á da media de España, pero no caso das persoas con estudios superiores, tanto de 16-29 como de 30-34 anos na nosa comunidade autónoma dáse o efecto contrario.

Taxa de paro por estudos. Galicia/ España de 16-29 anos



Taxa de paro por estudos. Galicia/ España de 30-34 anos



Os mozos e mozas galegas que nin estudan nin traballan estímanse nunha cifra ao redor das 30.000 en Galicia (serían segundo a EPA no ano 2014 menores de 25 anos: parados/as que non estudan (22.800) + inactivos/as menores de 25 anos que no estudan (9.700)

Os mozos e mozas que nin estudan nin traballan que teñen estudos inferiores á secundaria, están máis afectados por esta situación, que os/as que teñen a ESO e o Bacharelato rematado, ou que aqueles/as que teñen títulos universitarios de grao ou un máster. Sinalar aquí, que a Formación Profesional, que debería reconducir o futuro de parte destas persoas, non está sendo promovida como debería, por non mencionar os recortes que se están levando a cabo na educación a todos os niveis, incluída a FP. Ademais, no noso país as taxas de abandono e fracaso escolar sitúanse entre as máis altas de Europa. Segundo o estudo "Panorama en la Educación 2014" elaborado pola OCDE, o número de titulados/as en secundaria que deixan de estudar e non traballan foi crecendo dende o 2008 na maioría dos países da OCDE, polo que o informe recomenda que se revisen os programas de orientación e educación en todos os países para asegurar que a xuventude que sofre esta situación, non se quede sen alternativas de futuro.

Cabe preguntarse cales son as características da educación no noso país para que resulte tan difícil á mocidade ben preparada a obtención dun emprego. Segundo o informe antes referido, o desemprego duplicouse entre a poboación de estudos máis baixos de 2008 a 2010, mentres que foi menor en persoas traballadoras con estudos postobrigatorios e especialmente, se tiñan estudos superiores. O estudantado que termina con estudos básicos estaría preparado para ocupar postos que demandan ese nivel, o que ocorre é que moitos postos para os que non se necesita titulación son ocupados por persoas

tituladas, pechándose así unha posibilidade de entrada ao mercado de traballo para dito colectivo.

Dende UGT cremos que a crise económica engadiu outras dificultades, consecuencia dos recortes, as cales minguaron e incluso deterioraron os recursos asignados ás universidades ata o punto de poñer en cuestión a viabilidade de proxectos docentes de I+D+I ben orientados. Pero os recortes en educación non só afectaron ao ámbito da educación superior, se non a moitos máis ámbitos da comunidade educativa, dende os recortes en axudas a libros de texto ata incluso as axudas ao comedor e ás propias becas de estudo.

No curso 2012/2013 convocáronse 3.304 becas estatais por un importe de 2.700€ cada unha, e no 2013/2014 convócanse 2.356 por un importe de 2.000€.

BECAS ERASMUS: a pesar da súa importancia, tamén aquí se están levando a cabo importantes recortes tanto no gasto das becas como nas condicións de acceso para a súa solicitude. E aquí, hai que facer referencia ao estudo sobre o "Impacto de las becas Erasmus" realizado pola Comisión Europea recentemente, no que se demostra que as persoas tituladas con experiencia internacional desenvólvense mellor no mercado de traballo, que teñen a metade de probabilidades de sufrir desemprego de longa duración, e que 5 anos despois da súa graduación, a súa taxa de desemprego é un 23% inferior.

Pola contra, endurecéronse as condicións de acceso, pois se esixe un 7 de media, o que nos parece negativo, debido a que non deberían estar destinadas a premiar aos e ás boas estudantes, se non a garantir un dereito tan fundamental como é o dereito á educación, sobre todo para aquelas familias que sofren o paro e a precariedade, garantindo así a igualdade de oportunidades para que ninguén deixe de estudar por ter problemas económicos.

Galicia sofre a maior caída no importe das bolsas universitarias no período 2008/2013 cun 21,32% menos, e é a única Comunidade na que descende o número de persoas becadas

Variación contía media das axudas 2008/2013 (en valores negativos)



Variación nº de persoas becadas 2008/2013



Fonte: Informe "La Universidad Española en Cifras 2013/2014" (CRUE)

III. EMANCIPACIÓN

Segundo o observatorio de emancipación en Galicia co salario dunha persoa nova non sería viable economicamente emprender a emancipación residencial.

Unha persoa de menos de 30 anos debería percibir un soldo un 70,60% maior para comprar unha vivenda sen que supoña máis do 30% dos ingresos a pago da cota hipotecaria, limiar máximo de endebedamento tolerable.

A poboación galega emancipada de 16 a 29 anos percibe un 9,3% menos de salario que a poboación emancipada neste tramo de idade en España e no tramo de 30 a 34

anos é un 6,8% inferior. Calquera variable relativa á capacidade adquisitiva dos mozos e mozas galegos é inferior ao do Estado.

No último trimestre do ano 2014 a taxa de emancipación residencial das persoas menores de 30 anos en Galicia é do 19,6%, inferior á media do Estado (21,5%) e en continuado descenso. Somos a quinta comunidade coa taxa máis baixa.

Taxa de emancipación xuvenil



Fonte: Consello da Xuventude de España

A idade media de emancipación en España está nos 28,9 anos, segundo datos do Eurostat, por riba da media europea (26,1) e moi lonxe dos 19,6 de Suecia o dos 21 de Dinamarca.

Medidas como a supresión no ano 2011 da "Renda básica de emancipación" á xuventude (que entrara en vigor no 2008 para mozos e mozas de entre 22 e 30 anos), consistente nunha axuda ao aluguer de 210€ ao mes, e a redución do 30% da mesma en xullo do 2012 aos mozos e mozas que aínda a estaban cobrando, non parece que estean na liña de axudar á emancipación deste colectivo, a pesar da súa necesidade, á vista dos datos que acabamos de presentar.

Se ben é certo que en Galicia, no programa ALUGA, son un dos colectivos sinalados como prioritarios, tamén é certo que na Resolución do 11 de decembro do 2013, pola que se procede á convocatoria pública da axuda, o orzamento destinado ao mesmo

diminúe en nada máis e nada menos que nun 70.7%, pasando dun importe máximo para os anos 2012/2013 de 7.723.000€ a 2.263.000€ para o período 2014/2015.

A isto tamén hai que engadir, que no anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei de Impostos sobre a Renda das Persoas Físicas presentada polo goberno en xuño deste ano, se inclúe a supresión da dedución por aluguer para os contratos que se asinen a partir do 1 de xaneiro de 2015, que sumado á supresión da dedución por inversión en vivenda habitual dende o 1 de xaneiro de 2013, non vai a favorecer a emancipación dos mozos e mozas, se non todo o contrario.

A todo isto, hai que sumarlle os dous problemas laborais que limitan as proxeccións de futuro das persoas novas, como son a dificultade para acceder ao mercado de traballo e a temporalidade dos contratos, polo que despois de todo o exposto, parece que os malos datos sobre emancipación, non van a mudar durante un longo período de tempo.

IV. MIGRACIONS

Ante os datos presentados, a xuventude non atopa outra solución que a emigración.

As circunstancias que empurran á xuventude a emigrar son tanto a falta de oportunidades do colectivo en situación de desemprego de larga duración, como aqueles mozos e mozas que tendo un emprego, ocupan postos de traballo que requiren menor nivel de formación do que eles e elas teñen.

Cos datos de migracións do INE constátase que 1.091 mozos e mozas galegas (de nacionalidade española) fóronse ao estranxeiro no ano 2014, se ben é certo que este dato é aínda maior, se temos en conta a aqueles mozos e mozas que marcharon en busca dun emprego pero non acudiron a ningún consulado a rexistrarse como persoas residentes.

V. CONCLUSIÓNS

Da análise das estatísticas oficiais existentes compróbase que a mocidade galega é unha das máis prexudicadas polo desemprego e por peores condicións de traballo respecto das persoas traballadoras de máis idade, así como do mesmo colectivo a nivel estatal.

Esta análise lévanos a concluír que as políticas de emprego do Goberno (en especial a Reforma Laboral) non están logrando os obxectivos que anunciaban. O que si conseguen é que empeoren as condicións de traballo e que diminúa a estabilidade no emprego e se reduza a súa calidade. Isto conduce a un continuado descenso das rendas do traballo que impedirán a rehabilitación da demanda interna e da economía no seu conxunto.

A temporalidade e o traballo a tempo parcial son os dous camiños polos que está a transcorrer a creación de (sub)emprego, unha tendencia que hai que reverter modernizando os Servizos Públicos de Emprego (mellorar a protección coas súas políticas activas e de intermediación) e coa posta en marcha (no marco do diálogo social tripartito aberto o pasado mes de xullo) dun Plan de Recuperación Laboral, con plans de choque específicos. Para iso, os plans teñen que incorporar recursos excepcionais para mediante a formación e o emprego, impulsar o aceso á contratación dos colectivos en peores condicións, como somos as mozas e mozos galegos.

Esiximos ademais, a necesidade de reforzar as políticas de protección por desemprego, e dado que o aforro en prestacións en Galicia no 2014 vai a ser de máis de 300 millóns de euros, é necesario dotar de soporte financeiro a protección por desemprego nos Orzamentos para o 2015, xa que o descenso no gasto da unha marxe máis que suficiente para dotar de protección a aquelas persoas desempregadas que o necesiten.

Dende UGT esiximos un traballo e un salario digno para a xuventude, reivindicamos o dereito a traballar en condicións de igualdade con respecto ao resto das persoas traballadoras, especialmente das que aínda non teñen emprego e de aquelas que se o teñen, é precario e a costa de perder dereitos laborais, que nos permita cotizar o máximo para ter dereito a prestacións por desemprego e a unha pensión digna, algo que de manter estas políticas de recorte será imposible para a xeración máis preparada do noso país.

Dende UGT non esquecemos que ata agora os datos de redución do desemprego que se produciron, teñen que ver máis cos colectivos de mozos e mozas que emigran ou deixan de buscar emprego porque retoman os estudos, máis que pola contratación. Para fomentar o emprego, é necesario recuperar medidas de estímulo da actividade económica, así como facer unha aposta decidida polas políticas de oferta para lograr a

transformación dun modelo produtivo, que permita a mellora da produtividade e da competitividade para poder crear máis e mellores empregos.

Con respecto á formación, entendemos que debe producirse un cambio profundo, dotando de maiores recursos económicos á educación, cuxa calidade quedou minguada debido aos recortes. Acercar "formación e emprego" non debe ser tarefa do alumno exclusivamente, pois os mozos e mozas dan mostras de preparación, se non que as universidades deberían atender as novas demandas que están emerxendo nas empresas e na sociedade, para poder adaptarse aos cambios de maneira máis rápida (un exemplo sería ofertar máis titulacións capaces de responder ás novas necesidades do mercado de traballo nos seus diferentes sectores). Isto poderíase materializar cun modelo académico que valore, non só a adquisición de coñecementos se non a empregabilidade do estudantado, conectando o mundo da empresa co académico.

Dende UGT demandamos:

- Un plan de choque de emprego xuvenil que permita diminuír a taxa de desemprego e potenciar a creación de emprego en I+D+I, así como aqueles empregos verdes con potencial nun futuro próximo (que inclúa medidas dirixidas á xuventude excluída por falta de formación e experiencia, así como a aqueles mozos e mozas en risco de exclusión social).
- Terminar coas diferenzas salariais que caracterizan á moza ou mozo empregado respecto ao resto de traballadoras e traballadores.
- Adecuar o posto de traballo á titulación de cada persoa traballadora e mellorar o sistema educativo, vinculándoo ao sistema produtivo.
- Conseguir a igualdade de oportunidades no mercado laboral, reclamando a posta en marcha de medidas que faciliten a emancipación e postos de traballo de calidade que nos igualen ao resto de Europa.
- Subir o SMI xa que o actual non da unha visión real do nivel de vida existente no noso país.
- Reforzar os recursos dos Servizos Públicos de emprego, para que melloren a empregabilidade, ademais de facilitar a inserción dos mozos e mozas en situación de desemprego.

- Potenciar o Sistema de Garantía Xuvenil en Galicia: con datos do Ministerio, a 31 de xullo de 2015 hai inscritas 3.608 mozas e mozos, o que supón tan só o 4% do colectivo beneficiario, o que realmente demostra que o sistema implantado non está funcionando.